



GLOSARIO RELEVO

1. Porción de terra rodeada na súa totalidade de auga:
2. Extensión de area ou pedra miúda á beira do mar ou dun río:
3. Son elevacións naturais do terreo con altitudes superiores aos 600 metros:
4. Son áreas húmidas polas que descorren ríos, formando depresións alongadas denominadas vales:
5. Lagoa de auga lixeiramente salgada, pouco profunda, que está moi próxima ao mar e separada del por terra areosa:
6. Entrada do mar, océano ou lago na costa, é similar a un golfo pero cun tamaño menor:
7. Parte de terra rodeada de auga unida mediante un istmo a unha extensión maior de terra:
8. Extensións de terreo moi grandes, sen desniveis ou levemente ondulados, cunha altitude non superior aos 200 metros sobre o nivel do mar:
9. Conxunto de illas, polo regular numeroso, que están agrupadas por ter certa proximidade entre elas:
10. Terras baixas que están inundadas polo mar:
11. Chairas ou planicies elevadas de maneira natural a máis de 200 metros de altitude con respecto ao nivel do mar:
12. Entrada do mar, océano ou lago na costa, é similar a un golfo pero cun tamaño menor:
13. Gran porción de mar que entra na terra entre dous cabos:
14. Accidente xeográfico que se produce cando o mar se interna na desembocadura dun río:
15. Parte saínte ou porción da costa, que penetra no mar:
16. É unha franxa estreita de terra que une dúas zonas terrestres:
17. Terreo abrupto en forte pendente:

